Visto o expediente do convenio colectivo da empresa VEICAR, S.L (código convenio 1504432), que tivo entrada nesta Delegación Provincial da Consellería de Traballo o día 3.1.07, complementado o 2.2.07 e subscrito pola parte económica pola empresa e pola parte social polo comité de empresa os días 27.12.06 e 31.1.07, de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Real decreto 1040/81, do 22 de maio, sobre Rexistro e Depósito de Convenios Colectivos de Traballo e Real decreto 2412/82, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta Delegación Provincial

ACORDA:

PRIMEIRO.-Ordena-la súa inscripción no Libro Rexistro de Convenios Colectivos de Traballo, obrante nesta Delegación Provincial, e notificación ás representacións económica e social da Comisión Negociadora.

SEGUNDO.-Ordena-lo depósito do citado acordo no Servizo de Re|acións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraxe e Conciliación (S.M.A.C).

TERCEIRO.-Dkspoñe-la súa publicación no Boletín Oficial da Provincie.

A Coruña, 13 de febreiro de 2007

A DELEGADA PROVINCIAL

Asdo: María Debén Alfonso

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

CONVENIO COLECTIVO

Artigo 1.-Ámbito funcional.

Este convenio regula e establece con carácter prioritario as normás polas que se rexen as condikións laborais dos traballadores que prestan os seus servizos nos parques de bombeiros comarcais da provincia de A Coruña xestionados pola empresa Veicar.

Artigo 2.-Ámbito persoal.

O presente convenio afecta a todos os traballadores laborais fixos, temporais, contratados a tempo parcial, fixos periódicos descontinuos baixo calquera outra

modalidade contractual admitida pola lexislación laboral vixente, que prestan os seus servizos nos parques de bombeiros comarcais xestionados pola empresa Veicar e incluídos nos contratos firmados co Consorcio Provincial Contraincendios de Salvamento de A Coruña.

Quedan excluídos do ámbito do presente convenio:

- O persoal ou profesional cuxa relación de servizos se derive dun contrato administrativo para a realización de traballos concretos ou específicos.

- O persoal que desfrute de bolsas concedidas por Veicar, ou procesos de formación.

Artigo 3.-Ámbito temporal e denuncia do convenio.

O presente convenio, do cal a súa duración se expenderá ata o 31 de decembro do 2007, terá efecto ó día seguinte da súa sinatura, independentemente da súa publicación no DOGA ou BOP.

Será presentado ante a Autoridade Laboral competente a efectos do pertinente rexistro e depósito, así como da súa inserción no DOGA.

Considerarase denunciado á data do seu vencemento. Dende entón será prorrogado na mentres non se substitúa por outro convenio colectivo.

Artigo 4.-Absorción, compensación e condicións máis beneficiosas.

As condicións de toda índole pactadas neste convenio, forman un todo orgánico e substituirán, compensarán e absorberán no cómputo anual e global a tódalas xa existentes, calquera que sexa a súa natureza, orixe ou denominación das mesmas.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

CAPITULO II.-COMISION PARITARIA

Artigo 5.-Comisión paritaria.

Para examinar e resolver cantas cuestións se deriven da interpretación, vixilancia e aplicación deste convenio, crearase unha comisión mixta paritaria que deberá quedar constituída formalmente ós vinte días da sinatura do presente convenio. A comisión estará composta, como máximo, por 3 representantes da empresa e 3 representantes dos traballadores afectados polo mesmo.

Non computarán as horas sindicais ós representantes dos traballadores que acudan ás reunións das comisións paritarias.

A Comisión Paritaria terá as seguintes funcións:

a) Interpretación e adecuación do convenio na súa aplicación práctica.

b) Resolución de cantos asuntos ou reclamacións se sometan a súa decisión con respecto a calquera das condicións establecidas no mesmo.

c) Arbitraxe, mediación e conciliación no tratamento ou solución das cuestións ou conflitos que se sometan a súa consideración, se as partes discordantes o solicitan expresamente e a comisión acepta a función arbitral.

d) Vixilancia do acordado neste convenio.

e) Estudo da evaluación das relacións entre as partes asinantes deste convenio, así como do seu cumprimento.

f) Cantas actividades tendan a súa maior eficacia.

A Comisión Paritaria reunirase semestralmente e por instancia da parte, nese caso reunirase antes dos 5 días hábiles seguintes a contar dende a solicitude.

Os acordos adoptaranse por unanimidade, recolleranse na acta que deberá ser firmada por todos os presentes, tendo carácter vinculante para ambas representacións e para o ámbito xeral do convenio formando parte do mesmo.

Se fose necesario, poderase contar co asesoramento técnico preciso, tanto por parte da Empresa como dos representantes dos traballadores.

CAPITULO III.-ORGANIZACIÓN DO TRABALLO

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

Artigo 6.-Principios xerais.

1.-A organización do traballo e facultade exclusiva da Dirección, que a fará efectiva a través dos seus órganos competentes, sen prexuízo dos dereitos e facultades recoñecidas ós traballadores e os seus representantes legais nos art. 39. 41 e 64.1 do estatuto dos Traballadores e art. 6 e ss. da Lei 11/1985, de 2 de agosto, de liberdade sindical e demais disposicións legais.

O obxectivo da organización do traballo é alcanzar nos distintos centros un nivel adecuado de eficacia dos servizos, baseado na utilización óptima dos recursos materiais e humanos.

Os principios inspiradores da citada organización virán determinados polas seguintes notas:

- Consecución dos obxectivos marcados.

- Racionalización e mellora dos procedementos operativos.

- Valoración dos postos de traballo desempeñados.

- Profesionalización dos traballadores afectados mediante formación continuada.

- Programación e evolución dos cometidos asignados a cada posto de traballo.

2.-Postos de Xefatura. Refírese ós postos de traballo que esixindo o adecuado nivel de aptitude profesional, requiren o exercicio normal e habitual dunha función de mando e especial responsabilidade técnica ou xerárquica sobre a actuación doutros postos de traballo.

Os postos de xefatura son:

- Coordinador de servizo

- Sarxento xefe de parque

- Cabo xefe de quenda

En adiante cando o convenio se refira a sarxento o cabo entenderase como sarxento xefe de parque e cabo xefe de quenda, respectivamente.

As persoas que desempeñen tales postos de mando, deberán realizar os cometidos que integran a súa contraprestación laboral durante o horario da xornada laboral. As compensacións ás que tiveran dereito por exceso de horas serán compensadas en descansos ou compensacións económicas, resoltas nos catro meses seguintes da súa realización.

3.-Postos de Bombeiro serán os demais postos de traballo, e que por exclusión non sexan configurados como de mando ou de libre designación e realicen intervencións de emerxencia.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

4.-Persoal Administrativo: posto de traballo adicado a xestión administrativa dos parques, coordinación de compras...

5.-Persoal de Limpeza: posto de traballo adicado a realizar labores de limpeza nos Parques.

Artigo 7.-Mobilidade do traballador.

As partes asinantes deste convenio acordan na necesidade de que a mobilidade do persoal garanta unha distribución racional dos efectivos ó servizo.

a) Mobilidade funcional: tal mobilidade efectuarase sen prexuízo dos dereitos económicos e profesionais do traballador, e levarase a cabo nos termos previstos no Estatuto dos Traballadores e demais disposicións legais que sexan de aplicación.

b) Mobilidade Xeográfica: cando existan razóns técnicas, organizativas ou produtivas, poderanse realizar traslados de persoal a outros centros de traballo nos termos previstos no Estatuto dos Traballadores (art. 40 y 41) garantindo en todo caso como mínimo e mentres duren as retribucións do seu posto de procedencia. Estes traslados realizaranse por un tempo máximo de 30 días naturais e pagaraselle o desprazamento

á persoa trasladada dende o seu parque de traballo a razón 0,19 euros por km. Percorrido e durante o tempo que dure o traslado.

c) Preferencia de traslado dun traballador por causa dunha vacante noutro parque antes da incorporación de persoal novo.

d) Establécese unha indemnización nos casos de traslado que implique cambio de residencia do traballador, salvo que este traslado sexa a petición do traballador, de unha mensualidade, así como gastos de transporte de familiares e utensilios que efectivamente se trasladen. Tendo que demostrar documentalmente a súa residencia e os gastos ocasionados polo traslado.

e) No caso do peche dalgún parque comarcal xestionado pola empresa Veicar, os traballadores afectados que sexan trasladados a outros parques, veranse afectados polo punto "d" de este artigo,sendo de dúas mensualidades neste caso e tendo que demostrar documentalmente a súa nova residencia e os gastos ocasionados polo traslado. Estes traballadores terán preferencia a hora da petición de vacantes tanto en novos parques, como nos xa existentes, no caso de existir as citadas vacantes.

f) O persoal dos parques poderá permutar dentro da mesma categoría profesional entre os diferentes parques, asumindo as condicións do parque onde valla e que son xestionados pola empresa pertencentes o Consocio Provincial Contraincendios de La Coruña.Os traballadores que permuten, non poderán volver a facelo nun tempo mínimo de tres anos. Para elo solicitarano ó Coordinador de Sevizo que dará o seu consentimento en función das necesidades do servizo.

Os traballadores terán preferencia á hora de ocupar destino noutros parques onde haxa unha vacante, fronte ó persoal de bolsa.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

Artigo 8.-Funcións segundo a categoría.

Á categoría de Coordinador de Servizo corresponderanlle as seguintes funcións (según concurso):

1. Dirixir e coordinar, administrativa e técnicamente, o Servizo prestado polo Parque, sendo o interlocutor entre este e a Xerencia do Consorcio.

2. A través da Xerencia do Consorcio se estableceran reunións de traballo necesarias cós distintos responsables da Administración, entes de Xestión de emerxencias e colectivos implicados.

3. Igualmente adaptará Protocolos de actuación presentados por esta empresa segindo as pautas indicadas pola Xerencia do Consorcio e redactará o Reglamento de Réxime Interior do Parque, de selo caso.

4. A requerimentos da Xerencia do Consorcio pode realizarse asesoramento ou soporte técnico sobre: instalacións, revisións e probas, ou outras funcións afins.

5. Establecerá un calendario de reunións coa Xerencia do Consorcio para contrastar a adecuada operatividade do Servizo e proporcionará de forma periódica, todos os

informes e documentos relativos ó Servizo que se acorden (mantementos, actuacións, estadísticas, etc.)

6. Controlará e coordinará o Programa de Actividades Interno e Externo do Servizo e en caso de intervención nunha emerxencia de importancia, dirixirá e coordinará o Servizo in situ.

7. Coordinará as actividades do Parque

8. Elaborará un Plan de emerxencias Comarcal, de selo caso

9. Elaborará un Plan de seguridade e normas de actuación nas intervencións

10. Proporá melloras en protocolos e normas de intervención

11. Executará o Plan de Intervención Comarcal, de selo caso.

12. Elaborará, xestionará e controlará os turnos de actuación e as incidencias de persoal na prestación do servizo.

13. Informará a Xerencia do Consorcio polos medios e coa periodicidade que se indique das actividades e actuacións que se realicen.

14. Calquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servizo, determinada polo Consorcio e comunicada polo seu superior xerárquico e que no supoña unha violación da relación contractual.

Á categoría de Auxiliar Administrativo corresponderanlle as seguintes funcións (según concurso):

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

1. Contabilidade

2. Xestións comúns

3. Xestións administrativas

4. Elaboración de informes xerais da xestión (todos os parques)

5. Pagos proveedores

6. Pagos comúns

7. Xestión económica

8. Informes a superiores

9. Balances

10. Calquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servizo, comunicada polo seu superior xerárquico e que non supoña unha violación da relación contractual.

Á categoría de Sarxento xefe de parque corresponderanlle as seguintes funcións (según concurso):

1. Exercer a xefatura do Parque.

2. Garantir o cumprimento do que se establece neste Regulamento.

3. Constituír os equipos de traballo e establecer o seu orden de actuación de forma que se cubran sempre e simultaneamente as saídas e os reténs nos Parques, así como establecer a cobertura de ausencias e similares.

4. Asegurar en todo momento que as dependencias, instalacións, vehículos, materiais, ferramentas, equipos persoais e condicións persoais do persoal baixo a súa dependencia estean en óptimas condicións de funcionamento.

5. Tomar as medidas necesarias para a boa marcha do Parque.

6. Dirixir e programar os traballos do persoal nas funcións de inspección e prevención de incendios e de salvamentos.

7. Propoñer e suxerir todo o que crea necesario para a boa marcha e mellora do Parque.

8. Convocar reunións co seu persoal para analizar a marcha do Parque e obter ensinanzas dos sinistros nos que se participou.

9. Asistir ás reunións convocadas polos seus superiores.

10. Supervisión e inspección das actuacions en emerxencias.

11. Coordinación no Parque dos Programas de formación continúa e entreamento do persoal.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

12. Coordinación no Parque do Programa de Mantemento dos vehículos.

13. Coordinación no Parque do Programa de Mantemento dos equipos, dotacións e instalacións.

14. Coordinación no Parque de Programas de entreamentos conxuntos.

15. Inspección e asesoramento á función no Parque.

16. Coordinar as solicitudes de material e equipos.

17. Libros de rexistro, estadillos, informes, etc.

18. Coordinación das actividades propias do Parque.

19. Informar ó superior xerárquico das actuacións ou actividades que se realizarán ou estén en curso.

20. Cumplir as directrices do Coordinador de Servizo.

21. Estudio do tempo de resposta e proposta de melloras operativas.

22. Cumplimentar os partes ou follas de actuación, estadillos ou outros mecanismos de control.

23. Controlar as actividades asignadas ó Parque.

24. Dirixir e coordinar as actuacións na intervención, se fose preciso ou a requerimento.

25. Cualquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servicio de emerxencia, determinada polo superior xerárquico e que non supoña unha violación da relación contractual.

O Sarxento xefe de parque establecerá o calendario e xuntarase cós cabos para o seguimento dos obxetivos planificados do servizo.

Á categoría cabo corresponderanlle as seguintes funcións (según concurso):

1. Velar pola seguridade dos membros do Parque baixo a súa dependencia pola rapidez da actuación e pola eficacia do servizo que se preste, tendentes a reducir ó máximo posible os efectos dos sinistros, en primeiro lugar sobre as persoas e tamén sobre os bens públicos.

2. Transmitir de forma fidedigna as ordes dos seus superiores ó persoal baixo a súa dependencia.

3. Inspeccionar as dependencias, materiais, ferramentas, equipos persoais e condicións persoais do persoal baixo a súa dependencia, ó rematar as manobras e servizos, e se é necesario tomar as medidas para solucionar as anomalías detectadas dando conta ós seus inmediatos superiores.

4. Tomar nota nos libros de control de todas as novidades que se refiran ós servizos prestados, ás dependencias e instalacións, materiais, ferramentas e persoal baixo a súa dependencia.

5. Cumprir calquera outra función que sexa necesaria para a execución dos servizos que se prestan e calquera outro traballo que lle encarguen os seus superiores sempre que sexan relacionados co servicio de emerxencias.

6. Supervisar calquera actividade que programe o Sarxento, relacionado co servicio de emerxencias.

7. Comprobar a limpeza e bó estado dos vehículos, equipos e instalacións.

8. Programas de formación continuada e entreamento do personal.

9. Control e mantemento básico dos vehículos.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

10. Control e mantemento básico dos equipos e dotacións.

11. Control e mantemento básico de instalacións e coidado e limpeza do entorno.

12. Inspeccións e entreamentos conxuntos.

13. Coordinación das actividades de cada turno.

14. Informar ó superior xerárquico das actuacións ou actividades que se realizarán ou estén en curso.

15. Cumplir as directrices do Xefe de Servizo.

16. Propoñer melloras operativas.

17. Cumprimentar os partes ou follas de actuación, estadillos ou outro mecanismo de control.

18. Controar as actividades diarias asignadas ó su turno.

19. Dirixir e coordinar as actuacións na intervención.

20. Calquera otra tarea que sexa necesaria para a prestación do servicio de emerxencia, determinada polo Consorcio e comunicada polo seu superior xerárquico e que non supoña unha violación da relación contractual.

O cabo será o encargado de cumplimentar o parte de actividades desenroladas polo Equipo e de entregarllo ó Sarxento para a sua firma, con indicación de calquer tipo de anomalía. De ser necesario, redactará o informe correspondente.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

Á categoría de Bombeiro correspóndelle as seguintes funcións:

1. Levar a cabo o ataque a sinistros, de acordo coas instruccións do seu superior e as sistemáticas de actuación vixentes, para procurar o salvamento de persoas e bens.

2. Actuar con celeridade, observando en todo momento a seguridade dos cidadáns, compañeiros e a súa propia.

3. Realizar todos aqueles labores encomendados polo seu superior que sirvan de apoio á actuación e ó rápido establecemento da normalidade.

4. Propiciar o traballo en equipo mediante a información continua da evolución do sinistro e os resultados dos seus cometidos na zona de actuación na que interveña.

5. Manterse no posto ou lugar asignado ata nova orde ou finalización dos seus cometidos, neste caso informará inmediatamente ó seu superior sobre os resultados do seu traballo. Excepto nos casos que vexa en perigo a súa integridade física.

6. Cumprir no seu xornal de traballo as actividades, de conformidade co calendario laboral acordado ó efecto.

7. Manter a destreza e habilidade necesarias para o óptimo manexo do material, observando as normas de seguridade específicas para cada útil ou ferramenta.

8. Responsabilizarse do equipo que forma a dotación de material de persoal ou do vehículo asignado, coñecendo a disposición do mesmo e realizando as revisións pertinentes ó relevo do servizo de acordo coa seguinte sistemática:

a) Verificarase a existencia de todo o material habitual no vehículo e a súa ubicación adecuada.

b) Comprobarase o funcionamento e a existencia de consumibles necesarios para o seu uso prolongado.

c) Realizarase a limpeza do material e vehículo naqueles casos que proceda.

d) Informarase ó superior das situacións de anomalía, deterioro ou gasto que se observen.

e) Despois de cada actuación repoñerase inmediatamente o material danado e os consumibles utilizados durante a mesma. Igualmente limparase e acondicionaranse nos casos que procedan.

De todas estas accións darase debida conta ó superior inmediato.

9. Realizar calquera tipo de actividade que se programe dentro da actividade propia dos Parques (visitas institucionais, visitas de colexios ou funcións de representación...).

10. Manexar o vehículo durante a prestación de servizos, así como os elementos mecánicos mantendo en todo momento as prescricións de seguridade e as normas de circulación e utilización

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

11. Realizar o mantemento básico dos vehículos, de acordo co programa de mantementos de instruccións fixadas para cada vehículo, dentro das correspondentes a súa categoría. As revisións semanais, do cuadrante dos vehículos, serán efectuadas por persoal especialista da propia empresa.

12. Realizar os labores necesarios para o rescate e avaliación dos accidentados en calquera intervención, tanto en apoio dos servizos sanitarios presentes no lugar como en ausencia destes.

13. Limpeza de cocheras e lugares destinados a almacenaxes, gimnasio, etc.

14. Realizar as labores propias de intervención, rescate ou auxilio en función da emerxencia tratada.

15. Realizar as tarefas de mantemento básico, limpeza e conservación do equipo o seu cargo ou na sua quenda .

16. Realizar o mantemento básico das instalacións do Parque que estén programadas e o coidado do entorno e limpeza.

17. Cumprir as directrices marcadas polo cabo.

18. Cumprimentar os partes ou follas de actuación, estadillos ou otro mecanismo de control.

19. Calquera outra tarefa que sexa necesaria para a prestación do servicio de emerxencia, e comunicada polo seu superior xerárquico e que non supoña unha violación da relación contractual.

Este Personal do Servizo, cando non actúe en emerxencias, realizará as tarefas encomendadas de mantemento preventivo, predictivo e correctivo programadas, probas funcionais de equipos e preparación de estos, seguindo as indicacións dos respectivos fabricantes para garantir un funcionamento óptimo.

Igualmente participarán nos programas de entreamento conxuntos que no seu día se decidan.

Á categoría de Persoal de limpeza correspóndelle as seguintes funcións:

1. Limpeza das zonas comúns do Parque tales como oficinas, dormitorios, servicios, cociñas, salas de estar, etc., que lles de tempo nas horas contratadas.

Promoción interna e plantel

A promoción interna consiste no ascenso dende a categoría profesional de clasificación á inmediatamente superior. Para participar neste proceso, o personal deberá ter unha antigüidade mínima de seis meses na praza que ocupe no momento de acceso á promoción,consensuado co comité de empresa, así como posuír a titulación e demais requirimentos que con carácter xeral se precisen para o acceso á categoría a que aspira.

CIG SERVIZOS www.cigservizos.org

Así mesmo ó plantel de persoal será aprobado pola empresa previa consulta cos representantes dos traballadores.

Contratación externa

Si a empresa no atopase entre os traballadores o perfil adecuado,para os postos de coordinador xeral, sarxento,administrativo e persoal de limpeza, podera recurrir a personal alleo á empresa.

Polas caracteristicas do traballo realizado, non poderan promocionar ó personal administrativo e de limpeza.

CAPITULO IV.-XORNADA E HORARIO DE TRABALLO

Artigo 9.-Xornada.

O horario para o Coordinador do Servizo será dacordo coa oferta presentada.

O horario para os Sarxentos será de 8.00 a 15.00, excepto os sábados , domingos e festivos. As horas restantes, serán para disponibilidade do servicio.

O horario para os cabos e os Bombeiros será por quendas de 24h., dacordo co ANEXO I do cadro horario e do plan de ocupación.

O horario para o administrativo será de 9:00h. a 14:30 h. e de 16:30 h. a 19:00 h.

O horario para o persoal de limpeza será en horario de mañá.

Artigo 10.-Control horario.

O cumprimento da xornada e horario de traballo verificarase mediante os mecanismos de control que a empresa implante nos parques, os cales serán aplicados a todo o persoal que preste servizo nos mesmos. Os relevos deben solaparse uns cos outros.

Artigo 11.-Horas traballadas, horas extraordinarias e substitucións

Todos os traballadores terán que realizar ata un máximo de 1800 horas anuais de presenza nos seus postos de traballo có horario redactado no anexo.

A diferencia entre as 1800 horas/ano e as traballadas dos bombeiros e dos cabos segundo o horario, serán realizadas en emerxencias, reunións, formación u outras actividades necesarias para realizar as funcións encomendadas.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

Os cabos adicarán un número de horas ó ano a realizar otras tarefas do seu cargo: reunións con dirección, programación de traballos, etc. Con cargo ata un máximo de 1800 horas/ano.

Acórdase neste punto reducir ó máximo as horas extraordinarias co obxecto da creación de emprego, baixo as seguintes premisas:

- Horas extras que veñan esixidas como consecuencia de actuacións na extinción de incendios, salvamento e protección civil ou por necesidade de reparar sinistros ou outros danos extraordinarios e urxentes así como no caso de risco de perda de materias primas: o criterio a seguir e a súa realización.

- As horas extras que se realicen como consecuencia das actuacións de extinción de incendios, salvamento e protección civil terán carácter de obrigatorias, o resto terá carácter voluntario salvo os casos de forza maior debidamente acreditada.

A substitución de un traballador por outro de cabos e bombeiros en horas de emerxencia será abonada a razón de 2 horas por hora traballada ou compensada por horas de descanso.

As horas extraordinarias serán abonadas, ou ben compensadas a criterio da empresa, con tempos de descanso retribuído a razón de 2 horas por hora extraordinaria , podendo acumularse este tempo de descanso ata completar xornadas completas. Esta opción quedará condicionada sempre ás necesidades do servizo e sempre de acordo coa dirección da empresa, sendo o prezo das horas extraordinarias as seguintes:

6 euros/hora para o persoal de limpeza

9 euros/hora para o auxiliar administrativo

9 euros/hora para o bombeiro

12 euros/hora para o cabo

15 euros/hora para o sarxento

18 euros/hora para o coordinador de servizo

O tempo de descanso e o pago das horas terá que ser compensado ó longo dos seis meses dende a súa realización.

As ausencias do cabo serán ocupadas preferente e voluntariamente por outro cabo, e senon polo Bombeiro no que delegue o Sarxento.

Horario:

En caso de sustitución por baixa dun compañerio actuarase da seguiente forma:

Voluntariamente:

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

1. Sustitución en quenda de noite, festivos e domingos, faise cargo da sua ausencia o refuerzo do día seguinte ou persoal interesado, compensando as horas en tempo ou economicamente a razón de 3 euros/hora.

2. No caso de que haxa mais de 2 baixas nun parque ou de 1 no caso do subparque de Ribeira ao mesmo tempo, darase opción ao personal do parque, en primeiro lugar ou doutros parques gestionados pola nosa empresa para realizar a sustitución nas condiciones do apartado 1.

Artigo 12.-Cambios de quenda.

Os cambios de quenda realizaranse dentro dos propios parques, sendo comunicados ós Sarxentos respectivos, que os concederán sempre e cando non se dobren as quendas e coa condición de que todas as quendas sexan devoltas antes de finalizar o ano en curso, non podendo computar de ningunha forma como horas extras no caso de quedar algunha devolución pendente.

O traballador poderá solicitar todos os cambios xustificados que necesite, sempre e cando cumpra as permisas indicadas anteriormente.

Recomendase a comunicación con un mínimo de 24 horas, excepto en casos de forza maior.

CAPITULO V.-LICENZAS, PERMISOS, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO

Artigo 13.-Vacacións.

Todos os traballadores teñen dereito a 30 días de vacacións ó ano, coa posibilidade de poder escollelos xuntos ou separados en dous períodos de 15 dias.

As vacacións serán solicitadas antes do 15 de decembro para poder integralas no cádrante anual do ano seguinte.

Artigo 14.-Permisos con dereito a retribución.

O traballador poderá utilizar con xustificación posterior os seguintes permisos:

a) Tres días naturais por morte ou enfermidade grave de un familiar de primeiro e segundo grao en liña recta ou colateral por consanguinidade ou afinidade e 4 días si ocorrese a máis de 100 km da localidade de residencia.

b) Tres días naturais por nacemento ou adopción dun fillo e permiso de maternidade (capítulo VIII). Este ampliarase en horas ou días por complicacións no parto.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

Nos supostos anteriores incrementaranse en 1 día, se o suceso se producise nun lugar situado a máis de 100 km de distancia do centro de traballo, ou en 3 si o suceso se producise nun lugar situado a máis de 300 km de distancia do centro de traballo.

c) Un día por matrimonio de pais, fillos ou irmáns, na data de celebración do evento.

d) Para concorrer a exames e demais probas definitivas de aptitude e avaliación en centros oficiais durante os días da súa celebración. Incluso se a realización do exercicio é compatible coa xornada laboral.

e) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal , ou por persoas dependentes en convivencia.

f) Quince días naturais no caso de matrimonio, que poden acumularse ó período vacacional.

g) Dous días por traslado de domicilio.

Todos os traballadores que estivesen desfrutando do seu día de descanso e sexan convocados a asistir a declarar nun xulgado, por motivos relacionados coas súas funcións de traballo, previa xustificación do tempo invertido, serán compensados en tempo a desfrutar a razón dunha hora por cada hora invertida.

Artigo 15.-Excedencia e licenzas sen dereito a retribución.

- Voluntaria. Os traballadores fixos con máis de 1 ano de antigüidade poderán solicitar, cunha antelación mínima de dous meses, excedencia voluntaria por un tempo non inferior a dous anos nin superior a cinco anos. Unha vez solicitada, resolverase a concesión ou non da mesma ó interesado con vinte días de antelación á data de inicio proposta pola persoa interesada. Se o interesado non solicita o seu reingreso, ou un novo período de excedencia que non supere o tope dos cinco anos ou menos un mes antes de finalizar o prazo sinalado para a excedencia que disfrute perderá o seu dereito ó seu posto de traballo, ó considerarse como unha renuncia voluntaria ó mesmo.

- Outras. No non establecido neste artigo respeto da excedencia voluntaria así como das restantes excedencias, estarase ó regulado pola lexislación vixente e principalmente ó establecido no art. 46 do Estatuto dos traballadores.

- O persoal que teña cumprido, polo menos, un ano de servizo, poderá solicitar licenza sen soldo por un prazo como máximo de 3 meses.

Ditas licenzas serán concedidas dentro do mes seguinte ó da solicitude.

A duración acumulada non poderá exceder de 3 meses cada dous anos. A Negación , tanto da excedencia como da licenza haberá de ser por escrito e motivada.

Artigo 16.-Extinción do contrato de traballo.

Os contratos de traballo extinguiranse polas causas sinaladas ó respecto no Estatuto dos traballadores e normas de desenvolvemento e concordantes.

CIG SERVIZOS
www.cigservizos.org

CAPITULO VI.-RETRIBUCIÓNS, INDEMNIZACIÓNS E PRÉSTAMOS

Artigo 17.-Incapacidade temporal.

